



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
23 JUL 2024 22:51:14
Entrada **34566**

Sobre o afundimento do Argos Georgia, o operativo de rescate e a información ás familias

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao afundimento do palangreiro *Argos Georgia* e o operativo de rescate dos 27 membros da tripulación, entre eles varios mariñeiros galegos, e seguimento do Centro de Coordinación de Salvamento Marítimo.**

O barco palangreiro *Argos Georgia* con bandeira de Santa Elena afundiuse na noite do luns 22 de xullo a 170 millas ao leste de Porto Arxentino/Port Stanley nas Illas Malvinas.

Trátase dun palangreiro conxelador que pertence á frota da compañía Argos Froyanes, unha sociedade británico-norueguesa, propiedade de Argos e Ervik Havfiske.

A tripulación estaba composta de 27 persoas. Cinco delas son galegas, entre os que se contan o capitán do barco, o primeiro oficial, o xefe de máquinas, o seu substituto e un mariñeiro. Hai dous observadores científicos de Castela A Mancha. O resto dos membros proceden de Rusia, Uruguai, Perú e Indonesia.

O *Argos Georgia* solicitou axuda tras sufrir unha vía de auga ás 18 horas (hora local) de 22 de xullo. Pasada a medianoite a tripulación abandonou o barco en tres balsas salvavidas.

Entendemos que, dado que afecta cidadáns do Estado español, o Centro de Coordinación de Salvamento Marítimo, situado en Madrid, está a ter comunicación co seu homólogo MRCC Falkland para coñecer o dispositivo de

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

23 JUL 2024 22:51:14

Entrada **34566**



rescate e o estado da tripulación. Polo que se sabe, as condicións na zona eran malas con mar de fondo de entre cinco e seis metros e 35 nós de vento.

Salvamento Marítimo sinalou que a operación de rescate se está a levar a cabo con medios aéreos e marítimos, con helicópteros e avións militares. Á zona tamén acudiron pesqueiros galegos como o *Robin M. Lee* para axudar na localización dos mariñeiros.

O dispositivo está coordinado polo Goberno das Illas e as Forzas Armadas Británicas, mais, debido ao mal estado do mar, os helicópteros tiveron que dar volta.

No mar seguen varias embarcacións para tentar chegar á zona do naufraxio aínda que as informacións indican que o estado do mar está a dificultar as operacións de rescate debido á presenza de ventos con forza 7, ondas de 7 metros e unha temperatura moi baixa.

As informacións recibidas indican que até o momento hai que lamentar seis persoas falecidas na tripulación e sete desaparecidas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Estivo o Centro de Salvamento Marítimo (situado en Madrid) en contacto permanente co seu homólogo MRCC Falkland das Illas Malvinas para facer seguimento do dispositivo de rescate da tripulación do barco palangreiro *Argos Georgia* que se afundiou na noite de 22 de xullo a 170 millas ao leste de Porto Arxentino/Port Stanley nas Illas Malvinas?
2. Cando recibiu aviso do naufraxio e información sobre a situación da tripulación?
3. Ofreceu o Estado español axuda para a operación de rescate e repatriación?



4. Foron informadas as familias dos mariñeiros galegos que ían no barco, así como as familias das outras persoas procedentes doutras partes do Estado?
5. Que axuda está a prestar o Goberno ás familias dos mariñeiros e das persoas observadoras científicas?
6. Vaise abrir unha investigación en relación con este accidente ou vai o Goberno demandar ás autoridades das Illas Malvinas unha investigación sobre este naufraxio?
7. Está o Goberno a manter contacto coas autoridades das Illas Malvinas baixo administración do Reino Unido para prestar toda a protección e axuda aos mariñeiros galegos e ás dúas persoas observadoras científicas?

Madrid, a 23 de xullo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al hundimiento del palangrero *Argos Georgia* y el operativo de rescate de los 27 miembros de la tripulación, entre ellos varios marineros gallegos, y seguimiento del Centro de Coordinación de Salvamento Marítimo.**

El barco palangrero *Argos Georgia* con bandera de Santa Elena se hundió en la noche del lunes 22 de julio a 170 millas al este de Puerto Argentino/Port Stanley en las Islas Malvinas.

Se trata de un palangrero congelador que pertenece a la flota de la compañía Argos Froyanes, una sociedad británico-noruega, propiedad de Argos y Ervik Havfiske.

La tripulación estaba compuesta de 27 personas. Cinco de ellas son gallegas, entre las que se cuentan el capitán del barco, el primer oficial, el jefe de máquinas, su sustituto y un marinero. Hay dos observadores científicos de Castilla La Mancha. El resto de los miembros proceden de Rusia, Uruguay, Perú e Indonesia.

El *Argos Georgia* solicitó ayuda tras sufrir una vía de agua a las 18 horas (hora local) del 22 de julio. Pasada la medianoche la tripulación abandonó el barco en tres balsas salvavidas.

Entendemos que, dado que afecta ciudadanos del Estado español, el Centro de Coordinación de Salvamento Marítimo, situado en Madrid, está en comunicación con su homólogo MRCC Falkland para conocer el dispositivo de rescate y el estado de la tripulación. Por lo que se sabe, las condiciones en la



zona eran malas con mar de fondo de entre cinco y seis metros y 35 nudos de viento.

Salvamento Marítimo señaló que la operación de rescate se está llevando a cabo con medios aéreos y marítimos, con helicópteros y aviones militares. A La zona también acudieron pesqueros gallegos como el *Robin M. Lee* para ayudar en las labores de rescate.

El dispositivo está coordinado por el Gobierno de las Islas y las Fuerzas Armadas Británicas, sin embargo, debido al mal estado del mar, los helicópteros tuvieron que dar vuelta.

En el mar siguen varias embarcaciones para intentar llegar a la zona del naufragio aunque las informaciones indican que el estado del mar está dificultando las operaciones de rescate debido a la presencia de vientos con fuerza 7, olas de 7 metros y una temperatura muy baja.

Las informaciones recibidas indican que hasta el momento hay que lamentar seis personas fallecidas en la tripulación y siete desaparecidas.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Ha estado el Centro de Salvamento Marítimo (situado en Madrid) en contacto permanente con su homólogo MRCC Falkland de las Islas Malvinas para hacer seguimiento del dispositivo de rescate de la tripulación del barco palangrero *Argos Georgia* que se hundió en la noche de 22 de julio a 170 millas al este de Puerto Argentino/Port Stanley en las Islas Malvinas?
2. ¿Cuándo recibió aviso del naufragio e información sobre la situación de la tripulación?
3. ¿Ha ofrecido el Estado español ayuda para la operación de rescate y repatriación?



4. ¿Fueron informadas las familias de los marineros gallegos que iban en el barco, así como las familias de las otras personas procedentes de otras partes del Estado?
5. ¿Qué ayuda está prestando el Gobierno a las familias de los marineros y de las personas observadoras científicas?
6. ¿Se va a abrir una investigación en relación con este accidente o va el Gobierno demandar a las autoridades de las Islas Malvinas una investigación sobre este naufragio?
7. ¿Está el Gobierno en contacto con las autoridades de las Islas Malvinas bajo administración del Reino Unido para prestar toda la protección y ayuda a los marineros gallegos y a las dos personas observadoras científicas?

Madrid, a 23 de julio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso